

## A miña primeira universidade literaria: o encontro coa copla popular na aldea ós nove anos (1938) e coa fraseoloxía con faíscas estéticas

Xesús Alonso Montero

Dedico esta incursión na literatura da aldea a Luís González López (“Ferreiro”, na clandestinidade), que canta moi ben e que é un gran fistor

### Un neno galego: da urbe á aldea

Como teño dito en non poucas ocasións, a min “nacéronme” en Vigo no mes de novembro de 1928. Foi o día 23, non o 28, data na que fun rexistrado oficialmente. Nacín (deixo a formulación grata a don Miguel de Unamuno) nunha taberna da rúa Urzáiz, “El Recreo”, que rexentaban meus pais, Benito e Angelina, ribeiras que sempre, entre eles, falaban o galego, o galego na modalidade subdialectal do Ribeiro de Miño cos matices propios da súa parroquia natal, San Paio de Ventosela. De Ventosela era miña nai, e de San Paio, a capital eclesiástica da parroquia, meu pai. Entre eles, repito, sempre empregaron o seu falar natal, o galego daquela parroquia, moi próxima a Ribadavia. Falábano entre eles, mesmo diante de nós, os catro fillos, pero pasábanse ó castelán sempre que se dirixían a nós. Educábannos para señoritos, como diría Castelao<sup>1</sup>.

Aínda así, eu tiña un certo coñecemento do galego, pois na taberna de meus pais predominaban os seareiros populares (mozos da estación, tranvianos, canteiros...). Por outra parte, era a lingua que oía –sen falala– na aldea, en Ventosela, cando, nas vacacións, pasaba semanas ou días na casa dos avós. Quero dicir que, cando toda a familia deixamos Vigo (e o

negocio da taberna) para establecérmolos na aldea, totalmente galegófona daquela, eu estaba en condicións bastante favorables para usar o galego e convertelo, axiña, na miña lingua de instalación. Na miña biografía lingüística hai, pois, unha data moi importante: aquela en que o contexto e a mesma familia ístanme a cambiar de código lingüístico. Foi o 1 de xaneiro de 1938, o día en que nos instalamos na aldea. En Ventosela, na casa natal de miña nai, onde figura unha placa con este texto desde hai sete anos:

Nesta casa  
(dos avós maternos)  
iniciouse no uso do idioma galego,  
en xaneiro de 1938,  
(ós nove anos)  
o filólogo  
(catedrático de Literatura Galega)  
Xesús Alonso Montero  
(Vigo, 28-11-1928)  
Os veciños do Ribeiro  
(4-8-2012)

Así pois, eu son un neofalante con certas peculiaridades. Sobre estas peculiaridades e os inicios da miña instalación na lingua galega teño publicado bastantes páxinas, en parte compendias no opúsculo *O Ribeiro na miña vida, como pedagogía e compromiso*<sup>2</sup>.

<sup>1</sup> De 1944 son estas palabras de Castelao, estampadas no libro *Sempre en Galiza*: “O galego –somentes refugado pol-os señoritos ou por traballadores que quixeran ser señoritos– é hoxe o idioma que prefiren os intelectuaes...” (1ª ed., p. 42). Na primeira versión deste texto, na revista comunista *Nueva Galicia* (Barcelona, nº 17, 12-9-1937, o texto de Castelao rezaba: “somentes era refugado polos señoritos”. En efecto, a cláusula “ou por traballadores que quixeran ser señoritos” engádea o autor sete anos despois). Véxase a interpretación desta cuestión textual no meu artigo “Presente e futuro do galego” no volume colectivo *Encrucillada da diversidade lingüística europea*, Vigo, Galaxia, 2017, pp. 138-140.

<sup>2</sup> Deputación Provincial de Ourense, 2012.

Son páxinas que pertencen, de cheo, á Sociolingüística e nelas abordo sempre como, castelán falante en Vigo ata os nove anos, incorporo o galego desde esta idade, desde 1938, data na que se inicia a miña biografía rural. Nas presentes páxinas esbozo un capítulo desta biografía no que explico que manifestacións poéticas da aldea –e na lingua da aldea– constituíron a miña primeira universidade literaria.

### A miña primeira universidade literaria

Na miña casa de Ventosela, entre 1938 e 1941, non había máis libros que os obrigatorios na escola pública, tanto no caso meu como no de meu irmán, o Celso, o máis novo dos catro (o *Manuscrito*, a *Enciclopedia*). Os textos literarios –nin moitos nin moi interesantes– figuraban nos volumes que pertencían á exigua biblioteca da escola, administrados polo mestre, don Máximo Montero, no caso de Ventosela. Lembro, con nitidez, *España, mi patria*, libro que algúns alumnos liamos en voz alta os sábados. Non era, contra o que poida parecer, un libro franquista ou da época do franquismo, pois teño consultado edicións anteriores a 1936. Non escaseaban neste libro de lectura certos textos en verso, e, en canto á *Enciclopedia*, tamén nos ofrecía poemas, sobre todo fábulas, que eu estimaba pero que non contribuíron, penso, a motivar ou aguzar a miña sensibilidade literaria.

Porque todo ser humano, por rudo ou túzaro que sexa, percibe, nalgunha medida, a función estética dun texto literario. Amado Alonso, o gran Amado Alonso, chegou a afirmar que non había ninguén que renunciase a formular un pouco artisticamente as súas mensaxes. Mesmo foi capaz de comprometerse con esta formulación nun artigo que me acompaña desde 1955: “Hasta se debe añadir que nunca falta del todo en el hablar del más tosco gañán una mínima intención estética”: Titúlase, coherentemente, “El ideal artístico de la lengua y la dicción en el teatro<sup>3</sup>”.

“Gañáns” foron algúns dos fístores que compuxeron os versos de non poucas cántigas moito antes de que eu as oíra por primeira vez no Ribeiro: xa mozos labregos analfabetos, xa

costureiras ou lavandeiras de moi pouca escola. Nestes textos, advertín iso que, tempo despois, os meus profesores chamarían literatura.

### Encontro coa cántiga, coa canción popular, coa copla da tradición oral

Rapaces e adultos cantaban –ou recitaban–, en Ventosela, versos en galego que eu nunca oíra en Vigo. En galego estaban parte dos cantares de Reis que eu oín por primeira vez ós rapaces de Ventosela a noite do 5 de xaneiro de 1938. Ó ano seguinte –e despois– tamén eu fun un dos cantores nun grupo de tres ou catro rapaces que iam de porta en porta ofrecendo un modesto repertorio de cantos de Nadal, se era o 24 de decembro, ou de Reis, se era o 5 de xaneiro. O aguinaldo era, case sempre, unha presa de figos ou de noces; ás veces, diñeiro, moi pouco: dúas ou tres cadelas, dous ou tres cans...

Se non nos abrían a porta, o que acontecía con frecuencia, o noso pequeno coro respondía deste xeito faltón:

Cantámoslle os Reis  
do quiquiriquí;  
se non nos dan nada,  
cagámoslle eiquí

Nunca en Vigo asistira eu, no Nadal ou nos Reis, a actividade semellante, nin nunca a vira. Non tardei en aprender aquelas panxoliñas, aqueles cantos que tamén sabían e cantaban os vellos do lugar, aprendidos de seus pais, de seus avós...

Eu, xa o 5 de xaneiro de 1938, estaba a descubrir a existencia dun capítulo moi importante da poesía popular da tradición oral, que así chamaría eu, anos despois, cando comezaba a ser un letrado, un home de Letras. De meu pai aprendín, no segundo ano (1939), un Nadal en castelán que me impresionou bastante:

Allá arriba, entre dos peñas,  
hacen lumbre los pastores,  
para calentar al niño,  
que ha nacido entre las flores.

Dos galegos, o que máis me impresionou (se os oitenta anos transcorridos son de fiar) foi este “pé<sup>4</sup>”:

<sup>3</sup> «El ideal artístico de la lengua y la dicción en el teatro», *Cuadernos de Cultura Teatral* (Instituto Nacional de Estudios del Teatro, Buenos Aires), 3/1936 [conferencia dada no Teatro Nacional de Comedia o 7 de setembro de 1936]. Inclúese, tamén, en *Materia y forma en poesía*, Gredos, Madrid, 1955.

<sup>4</sup> “Pé” na terminoloxía métrica do Ribeiro de Miño, significa “estrofa” (Cf. a denominación, no XV español, da estrofa manriqueña, “copla de pie quebrado”).

Con un sombreiro de palla  
un galego ó portal foi:  
mentras adoraba ó Neno,  
comeulle o sombreiro un boi

Xa é significativo que non recorde outros pés desta panxoliña, sen dúbida carentes dos elementos lingüísticos cos que o autor (o anónimo fistor) crea a situación, divertida, para nós, do boi que lle ripa as pallas ó sombreiro do devoto galego (situación na que eu, en 1939, non percibía que o galego aparecía, como en tantos textos populares ou cultos, como despistado ou medio parveirote).

En realidade, os textos que me impresionaron literariamente na miña preadolescencia foron os da lírica popular profana. Quizais o primeiro foi este:

Nena que vénde-las peras,  
cantas che mandaron dare?  
Para ti, meu queridiño,  
non mas mandaron contare.

Con dez ou once anos, gostei desta cántiga porque xa percibía nela unha formulación do cortexo fermosa pola súa delicadeza. Nela é a muller –a moza– a que manifesta, sen comprometerse con palabras claras, que entende e acepta a relación tan sutilmente proposta polo mozo.

O segundo cantar que recordo, se é que non foi o primeiro, pertence, tamén, á lírica amorosa:

Baixando do Faro vin unha nena,  
viña do monte de calcetare,  
como era bonita pedinlle un bico  
pero ela non che moi quixo dare.

O que máis me atraía desta cántiga (en versos de arte maior) era o topónimo, o orónimo, Faro, monte que se divisaba desde Ventosela. En canto ó contido, supoño que gustaba moito do final, no que o mozo, que solicita cortesmente un bico, non consegue o seu obxectivo. Aínda así, o mozo –protagonista e narrador– non reacciona á brava. Acepta.

Xa eu de trece ou catorce anos, oín e aprendín:

Tes un limoeiro  
cun par de limóns  
heiche de ir a eles  
que queira que non.

O rapazolo que eu era non ignoraba que o autor da cántiga chamáballes ós peitos dunha mociña “limóns”, se ben eu ignoraba –aínda non comezara o bacharelato– que este tipo de denominación chamábase metáfora. Daquela, educado nun ideario moi patriarcalista, eu non percibía o machismo do último verso: o “velis nolis” de-se final hoxe renxería un pouco (ou un moito).

Hai moito tempo que coñecemos as catro cántigas da musa popular que máis lle gustaban a Castelao, “as mellores de que gardo recordo”<sup>5</sup>. Desas catro, a primeira que transcribe non é moi allea á que veño de reproducir:

O amor que a min me leve  
ha de ter a man lixeira:  
ha de coller unha rosa  
sen abalar a roseira.

A cántiga, na miña opinión, é tan fermosa como enigmática.

Había unha canción entre os mozos de Ventosela (moi bos cantores) que daba xenio oíla, sobre todo cando a primeira voz a levaba o Alejos<sup>6</sup>. Que lembre, constaba de dous pés:

Miña Santa Margarita,  
Miña Margarita santa,  
na auguiña da túa fonte,  
na auguiña da túa fonte  
na auguiña da túa fonte  
curei a miña garganta.

Miña Santa Margarida  
éche de Montemaioire;  
dálle o vento polo lado,  
dálle o vento polo lado,  
dálle o vento polo lado,  
dálle polo arredore.

Na voz do Alejos, que con tanto xeito repetía o terceiro verso, o galego daquela canción parecíame a lingua da mesma poesía.

Son posteriores os meus agarimos a outro tipo de cántigas, menos líricas, máis afastadas da relación amorosa. Unha, do xénero rexoubeiro, rezaba:

Do outro lado do río  
ten meu pai un castiñeiro,  
que dá cereixas en maio,  
uvas brancas en xaneiro.

Outra pertencía ó xénero satírico, unha auténtica cántiga de denuncia social:

<sup>5</sup> “As mellores cántigas”, *Cultura Hispánica*, La Habana, 23-4-1950. Precede ás cántigas este texto: “1945. Lembrando as mellores cántigas galegas, deixo estas catro como as mellores de que gardo recordo”.

<sup>6</sup> Pasados moitos anos, no verán de 1969, Alejos, emigrante en Buenos Aires, cantei con el estes dous pés.

Este pandeiro que toco,  
por moito que o repenique,  
non teñas medo que raxe  
que é de coiro de cacique.

Para o mozote de quince anos que eu era, estaba claro que o pandeiro non raxaría (ou raxaría) por estar feito de coiro de cacique, raza malvada, na musa popular, cuxa pel –a dos insensibles, a dos implacables– era dunha dureza física só comparable á dureza moral dos seus corazóns.

Xa que de cancións se trata, debo mencionar unha que aprendín, en Vigo, o 1 de maio de 1936. Non tiña as características literarias das aprendidas na aldea, a partir do 1 de xaneiro de 1938; quero dicir que nunca advertín nela os recursos que confiren a un texto, d un xeito claro, a función estética, esa función –como dixo o mestre Amado Alonso– nunca ausente de ningunha expresión lingüística. Só recordo o estribillo da canción:

Que viva Lenin,  
que viva Carlos Marx,  
que viva la Tercera  
Internacional.

Cantaban a canción, ese 1 de maio de 1936 –o primeiro despois do trunfo electoral do Frente Popular–, parte dos compoñentes da gran manifestación que eu vin pasar, en data tan sinalada, pola rúa Urzáiz abaixo. Eu presenciei a manifestación á porta da taberna de meus pais, “El Recreo”, sumamente atento, pois entre os manifestantes –e entre os cantores, supoño– figuraba o meu irmán maior, o Julio. Moitos anos despois, reveloume Isaac Díaz Pardo que el participara na manifestación viguesa. Era, daquela (con 16 anos menos tres meses), militante das Xuventudes Socialistas Unificadas, “comunista” –engadía– por conseguinte. Foi el quen me cantou a canción revolucionaria completa, bastante extensa, da que eu só recordaba os catro versos do estribillo. Non teño conciencia hoxe de ter aprendido outra con anterioridade. O 1 de maio de 1936 aínda non cumprira eu sete anos e medio. Ese día tamén oín e aprendín o eslogan que berraban os manifestantes, UHP (“Uníos, Hermanos Proletarios”), como me explicou o meu irmán, daquela pioneiro roxo. “Proletarios” era para min un termo tan ignoto como aguilloante, e tamén era descoñecido e estimulante, na canción, o sintagma “Terceira Internacional”. (Na miña ignorancia, eu, daquela, tampouco sabía o que era un sintagma).

## Fraseoloxía con faíscas estéticas

Volvéndonos a Amado Alonso: ninguén, por rudo que sexa, renuncia a formular artisticamente os seus ditos, os seus relatos, calquera das súas manifestacións lingüísticas. Era da miña familia un home de ínfima escola primaria, que nunca lera unha novela nin outras lecturas, que non gustaba do cine e que nunca fora ó teatro. Por non ler, non lía as letras grandes dos periódicos se batía con algún nunha taberna. Parecía un home totalmente alleo a calquera actividade que tivese que ver coa palabra culta (desde as páxinas dos periódicos ás películas, desde os libros de contos ás poesías que certos conxéneres sabían ou procuraban). Pero non era alleo á Palabra, ás palabras, cando estas se producían no seu espazo habitual, que era o da aldea coas súas actividades no campo, no adro, nos faladoiros de barbería... Aí, nos traballos e nos días dese tecido humano, no que el conversaba, contaba e cantaba, non era alleo á beleza verbal.

A este parente que nunca leu un libro, oínlle expresións de notable valor literario. Son expresións que eu nunca oíra, en Vigo, antes dos nove anos. Tamén nesta parcela entrei na literatura –na ficción literaria– pola vía galega: en contacto cos textos en idioma galego:

- I. De alguén que fala ben, moi ben: *Ten a lingua montada en bolas.*
- II. Gabando un acio, moi grande, dunha cepa de branco, dunha cepa de “jerez”: *Era un acio coma un miniño.*
- III. Censurando a alguén que aproveita as cousas moi miúdas e rexeita as grandes e moito máis valiosas: *Aproveita as farangullas e tira os anacos.*
- IV. Discutindo unha familia se unha noiva, días antes do casamento (daquela pola Igrexa), xa fixera “uso do matrimonio”, o máis realista decantouse: *Seguro que xa entrou o Padre Santo en Roma.*
- V. Observando unha moza moi atractiva pero non carente de certos encantos físicos: *Está boa pra unha noite de inverno.*
- VI. A alguén que, no 36, guindou, a moitos republicanos da ponte de Castrelo de Miño ó río: *Non leva o Río auga dabondo pra te lavares.*
- VII. Referido a unha muller co cu moi grande: *Ten un cu pra xogar unha brisca de seis.*
- VIII. Referido ó viño: *Leite de cepa.*
- IX. Lembro este episodio acaecido na nosa casa da Grova o 13 de decembro, festa de Santa Lucía (1944?). Á hora do xantar, un amigo da casa, o Serafín, estaba morriñento, pois, desde había



meses, non se falaba coa Elvira, curmá miña, a súa noiva de sempre. En pleno xantar, alguén dixo saber, de boa fonte, que aquela tarde a Elvira viría á festa, intre no que o meu parente, dirixíndose ó Serafin, aclarou: *Ainda que non pasees ou bailes con ela, dáslle un verde ós ollos.*

- X. Certo día, alguén dixo que un veciño noso, estudante na Universidade de Santiago (mal estudante e xogantín), volvea, con moito ánimo, ós libros. O meu parente, que algo sabía do feito, aclarou: *Ó libro das corenta follas.*

Nos meus vellos apuntamentos, atribúo estas dez formulacións ó meu parente. Do que estou certo, totalmente certo, é de que foi a el a quen llas oín por primeira vez, o que, para un lingüista rigoroso, non é proba definitiva de que el, o meu parente, fose o autor desta novidade idiomática, desta creación verbal. Se foi el —de todas ou dalgunha— estamos ante un feito de estilo, ou, como explicaba Saussure, ante un feito de “parole”, que, ó ser repetido por unha comunidade de falantes, convértese nun feito de “langue”. Sexa un feito estilístico, obra do meu parente, sexa un feito lingüístico —moeda que usan outros falantes da comunidade— o neno que era eu, xa lonxe de Vigo e da lingua e da cultura castelás, foi tocado na súa sensibilidade artística por unhas expresións que intensificaron o seu interese polos textos literarios, textos, neste caso, como no das cántigas xa mencionadas, “escritos” en galego, “escritos” na lingua non oficial nin escolar que empregaban as xentes do meu igual.

Debo engadir que o castelán tamén tiña, ás veces, presenza lexítima na produción literaria da aldea: presenza lexítima e moi afortunada. Nunca esquecín estas dúas facecias:

- Saían da misa varios mozos, e un deles preguntou ós compañeiros se entenderan ben ó cura cando explicou, na homilía (el dicía “sermón”), “esa cousa tan complicada da Santísima Trindad”, ou sexa, aquilo de “el Padre es el Hijo, el Hijo es el Padre, el Espíritu Santo es el Hijo y el Padre...”. O mozo máis ocorrente do grupo respondeu decontado: *Jesucristo es la Madre de Dios.*
- Hai outra facecia, monolingüe, que tamén trata de resolver, valéndose dun disparate, unha complicación case tan difícil como a teolóxica. Producíase cando alguén explicaba unha relación de parentesco tan complexa coma esta: “O señor Chinto portense coa señora Isaura, que vén sendo prima do sogro dun

sobriño seu, casado cunha irmá...” A resposta decontado era: *O pai del era miña tia.*

## Epilogo

Neste traballo, propúxenme contar en qué tempo, en qué lugar e en qué situación me atopei coas palabras que espertaron en min o gusto pola condición literaria dos textos. A aldea, a partir de xaneiro de 1938, foi a miña primeira universidade literaria, unha universidade que exercía o seu maxisterio con textos, en verso e en prosa, formulados en lingua galega e que eran alimento literario das clases subalternas. Tales textos foron creados por estas xentes populares e por elas transmitidos anonimamente. Eu, neses anos infantís, débolle máis, moito máis, a eses textos da xente do común que ós versos cultos —non moitos— que figuraban nos libros escolares. Así pois, eu descubrín a literatura —a condición literaria de certos textos— nesa universidade popular.

Cando, anos despois, fixen algunhas incursións eruditas no eido da poesía popular da tradición oral, quero pensar que estaba a manifestar a miña gratitude a un capítulo da literatura tan importante na miña formación e emoción literarias.

Xa de cheo na adolescencia, no bacharelato, fun solicitado, loxicamente, polos textos cultos, período no que fun un privilexiado. Tiven a sorte de ter, en Ribadavia, como profesor de Letras (de todas as Letras, non só de Literatura) a don Bernardino Graña Refojos<sup>7</sup>, a quen debo, no esencial, a inclinación que me levou a matricularme, no ano 1948, na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Central (Madrid). Don Bernardino foi profesor meu os cinco primeiros cursos de bacharelato (1943-1946)<sup>8</sup>, anos nos que, alén das explicacións na aula (Lingua, Latín, Literatura...), recibín libros del na súa casa (algúns regalados) que me asomaron a un universo engaiolante: Homero, Virxilio, *Divina Comedia*, Teatro do “Siglo de Oro”, Juan Valera, Pereda, Emilia Pardo Bazán, Víctor Hugo, Manzoni... Dos modernos, predominaba a novela, e novelista era don Bernardino, quen —cómpre dicilo— leume, ó finalizaren as clases, varios capítulos de *Por los caminos de la carne*, novela que estivo inédita ata 2017<sup>9</sup>.

<sup>7</sup> Pai do escritor Bernardino Graña Villar, co que fixen o Ingreso do Bacharelato no Colexio “Academos”, de Ribadavia, onde era docente don Bernardino.

<sup>8</sup> Comecei o bacharelato moi serodiamante, case ós 15 anos (non ós 10, o habitual daquela).

<sup>9</sup> Foi publicada, nese ano, por un grupo de exalumnos de Cangas, a súa vila natal.